



ADDENDA AO CONVENIO DE COOPERACIÓN EDUCATIVA ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS DO ESTUDANTADO DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

REÚNENSE:

Dunha parte, Dona Fabiola García Martínez, conselleira de Política Social e Igualdade, actuando en nome e representación da Consellería de Política Social e Igualdade, no uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, no Decreto 44/2024, do 14 de abril, do seu nomeamento, no Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, no Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, e no establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991.

Por outra banda, Don Antonio López Díaz, Reitor Magnífico da Universidade de Santiago de Compostela, que actúa en nome e representación dela en virtude do Decreto 35/2022, de 17 de marzo, do seu nomeamento, publicado no Diario Oficial de Galicia nº 56, do 22 de marzo de 2022, e polas facultades conferidas pola Lei Orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do sistema universitario e o Decreto 14/2014, de 30 de xaneiro, polo que se aproban os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela.

Ambas as dúas partes interveñen no nome e representación das súas respectivas institucións no exercicio das competencias que lles están legalmente atribuídas, recoñecéndose mutua e reciprocamente capacidade para obrigarse mediante o presente convenio nos termos que nel se conteñen e, para o efecto,

MANIFESTAN:

Primeiro.- Ambas partes suscribiron o 5 de abril de 2018 o Convenio de cooperación educativa entre a Consellería de Política Social e a Universidade de Santiago de Compostela para a realización de prácticas académicas externas do estudiantado da Universidade de Santiago de Compostela.

Segundo.- O dito convenio foi prorrogado por acordo das partes o 25 de marzo de 2022.

Terceiro.- Considerando que é de interese ampliar a colaboración iniciada con base no convenio de cooperación educativa mencionado, ambas as partes

